CONSIDERACIÓNS CAPÍTULO 1 MEMORIA SOCIOECONÓMICA CES 2020

O CES quere chamar a atención sobre o comportamento do PIB galego que resistiu o impacto da pandemia mellor que o PIB español, non obstante ambos sufriron contraccións históricas. É por elo que o CES destaca a importancia de medidas de apoio que impidan a destrución do tecido empresarial e que afiancen a nosa estrutura produtiva de xeito que se poida retomar a senda de crecemento sostible e inclusivo.

O CES pon de manifesto que, se ben as medidas extraordinarias adoptadas polo Goberno en colaboración cos axentes sociais contiveron o agravamento da crise, será necesario continuar apoiando aos nosos sectores produtivos xa que se enfrontan aos retos da dixitalización nun entorno de máxima incerteza.

O CES alerta sobre a evolución de variables como o consumo interno e a inversión xa que son motores de crecemento da nosa economía e deben ser estimulados a través de medidas fiscais que nos permitan acadar os niveis necesarios para incrementar a nosa produtividade e o noso emprego.

O CES manifesta a súa preocupación sobre o incremento do déficit público que, se ben veu motivado pola conxuntura sanitaria, debe ser moderado e modulado atendendo ás perspectivas de evolución da nosa economía.

A pandemia provocada pola Covid-19 provocou unha crise sanitaria, económica e social nunca antes vivida por nós, e unha contracción se precedentes de toda a actividade mundial. O CES considera que é necesario avaliar os efectos das medidas tomadas neste contexto, de maneira que se poidan establecer algúns mecanismos de resposta ante posibles situacións similares no futuro.

O actual escenario de continuo cambio e profundas transformacións, debe ser tomado, en opinión do CES, como unha oportunidade para impulsar o cambio a un sistema produtivo máis tecnolóxico, innovador e sostible, xerador de crecemento económico e emprego de calidade.

O CES advirte que a evolución da situación da economía mundial tende a presentar un desabastecemento e alza desmedida nos prezos de insumos e aprovisionamentos básicos o que está a frear e incluso paralizar a actividade de numerosas empresas lastrando a recuperación económica e a creación de emprego, elevando o risco de alza da inflación na nosa economía e freando a recuperación do consumo